

FUNDACIÓN

USC | **M.P.**

PLAN DE ACTUACIÓN EJERCICIO 2025

CIF: G-70123971

NÚMERO DE REXISTRO: 2007/18

EXERCICIO: 2025

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.

DOMICILIO: Avenida das Ciencias 6, 1º andar, Campus Sur.

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA


CÓDIGO POSTAL: 15782

PROVINCIA: A CORUÑA

CORREO ELECTRÓNICO: info@fundacionusc.gal

TELÉFONO: 881 97 53 99

PERSOA DE CONTACTO: Óscar Hermida Otero



Índice:

1. NATUREZA XURÍDICA E DESCRICIÓN DA ENTIDADE.....	2
2. OBXECTO E VIXENCIA DO PLAN DE ACTUACIÓN	6
3. OBXECTIVOS.....	8
4. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2025	15
5. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.....	28
6. PREVISIÓN DE INGRESOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE	29

1. NATUREZA XURÍDICA E DESCRICIÓN DA ENTIDADE

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P. (en diante, Fundación USC) constitúese o 9 de novembro de 2007 como unha entidade de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego no que o patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto.

Atópase inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con número de inscrición 2007/18. Mediante orde de 7 de decembro de 2007 cualifícase como de interese deportivo.

A Fundación USC constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, por conseguinte, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

De acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, a Fundación USC ten a consideración de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela, debendo asumir os encargos que esta lle ordene, sen que en ningún caso estes podan implicar a atribución de potestades públicas ou o exercicio de función ou facultades suxeitas ao dereito administrativo.

A Fundación USC rexerese pola vontade dos seus fundadores, manifestada nos seus estatutos, polos acordos que, en interpretación e desenvolvemento daquela vontade, estableza o Padroado, así como en todo caso pola lexislación aplicable.

Os encargos de xestión que serán de execución obrigatoria formalizaranse mediante resolución reitoral, de conformidade coas regras previstas no artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou norma básica que o substitúa, e levaranse a cabo de conformidade coas instrucións que se diten.

De acordo aos seus estatutos aprobados no padroado, de 12 de xullo de 2024, a Fundación USC ten «como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, así como das súas entidades vinculadas ou dependentes, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencias as funcións que a institución ten asignadas», podendo exercerse esta finalidade

de interese xeral «*por propia iniciativa, ben por medio dos encargos que a Universidade lle realice*»

En particular, a Fundación USC ten como fins propios os seguintes:

- I. Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.
- II. Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.
- III. Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre a Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.
- IV. Promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva.
- V. Fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións.
- VI. Fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva, así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior a Fundación poderá levar a cabo, con carácter enunciativo e non limitativo, as seguintes actividades:

- I. Xestionar os servizos para a realización de actividades físicas e deportivas da Universidade de Santiago de Compostela.
- II. Xestionar os espazos en coordinación cos diferentes centros da Universidade de Santiago de Compostela.
- III. Xestionar actividades e servizos de carácter cultural, museístico, patrimonial ou social.
- IV. Organizar conferencias, simposios, mesas redondas ou seminarios, cursos e calquera outro tipo de reunións sobre os temas propios dos seus obxectivos.
- V. Xestionar o servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela.

- VI. Xestionar os servizos de reprografía, impresión dixital, material audiovisual e multimedia relacionados coa comunidade universitaria.
- VII. Realizar actividades de promoción, explotación, comercialización e posicionamento da imaxe da marca «USC» xunto coa xestión de tendas.
- VIII. Xestionar a actividade instrumental de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela.
- IX. Xestionar os servizos relacionados coas operacións e funcionamento dos edificios e infraestruturas de Universidade de Santiago de Compostela así como a súa explotación ou uso.

Para a realización das actividades anteriores e para o cumprimento dos fins da Fundación sinalados no artigo anterior, esta poderá:

- I. Formalizar convenios ou acordos de colaboración ou intercambio con empresas, organismos e institucións, nacionais ou estranxeiras, así como participar nas citadas entidades cando así sexa preciso para a mellor consecución dos seus fins.
- II. Desenvolver modelos de colaboración e cooperación que contribúan á sustentabilidade económica da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.
- III. Subscribir contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins, incluídos os contratos de patrocinio que contribúan á sustentabilidade económica e ao máximo aproveitamento das actividades da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.
- IV. Realizar as actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias destes.
- V. Recadar fondos, incluso recorrendo ao financiamento alleo, empregándoos no financiamento e promoción dos seus fins.
- VI. Tramitar diante das administracións, institucións e outras entidades as correspondentes solicitudes de subvencións, axudas, así como a xestión de doazóns que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- VII. En xeral, cantas actuacións sexan necesarias para a consecución dos fins que constitúen o obxecto da Fundación.

Os beneficiarios directos dos servizos da Fundación USC serán, en xeral, todas as persoas xurídicas ou naturais que presten a súa actividade de modo habitual no Estado

Español ou aquelas que, polo interese social, económico ou investigador do seu traballo, poidan ser merecedoras das prestacións da entidade.

De xeito máis particular, os beneficiarios dos diferentes programas e actividades da entidade son fundamentalmente a comunidade universitarias dos dous campus universitarios, Campus de Lugo e Campus de Santiago de Compostela.

2. OBXECTO E VIXENCIA DO PLAN DE ACTUACIÓN

O plan de actuación, que constitúe o marco básico da actuación da fundación, ten por obxecto regular a súa actividade durante o exercicio 2025, mediante o establecemento de accións a desenvolver, os valores a acadar e os responsables de levalas a cabo. A vixencia do plan comezará o 1 de xaneiro de 2025 e finalizará o 31 de decembro do mesmo ano.

A xestión deste plan de actuación axustarase fundamentalmente ao marco recollido nos diferentes encargos de xestión que a Universidade de Santiago de Compostela formalizou mediante resolucións reitorais á Fundación USC e tamén os mecanismos de control fixados polo Padroado.

Con este plan de actuación, a Fundación USC, pretende dar cumprimento ao seu obxecto social, establecido no artigo 6 e 7 dos estatutos fundacionais: «*fins e actividades fundacionais*».

Para iso, e tomando como referencia cada un dos puntos establecidos nos artigos dos estatutos e os encargos de xestión formalizados, debemos sinalar o seguinte:

- Como eixo transversal a entidade será unha ferramenta para colaborar naqueles servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade de Santiago de Compostela realice as súas funcións básicas.
- A promoción e proxección da imaxe da marca *Universidade de Santiago de Compostela*, colaborando coas diferentes vicerreitorías e servizos da Institución realizando actividades de promoción e posicionamento da marca.
- Canalizar de xeito directo un apoio aos servizos informáticos para o desenvolvemento, mantemento de aplicacións e ferramentas informáticas indispensables para o funcionamento da Institución Académica.
- A organización e servizo da actividade de reprografía, edición e impresión dixital relacionada coa comunidade universitaria.
- Desenvolver un programa de visitas guiadas polo patrimonio histórico e cultural da Universidade de Santiago de Compostela facilitando o seu

coñecemento e visibilidade tanto para as persoas que se achegan a través da Institución coma os visitantes á cidade de Santiago de Compostela.

- A organización directa por parte da Fundación USC de eventos e/ou actividades formativas. Eventos que teñen un compoñente fundamental de conciliación laboral e familiar para dispor dunha ferramenta para as familias nas épocas estivais fundamentalmente, tanto familias da comunidade universitaria coma da sociedade en xeral.
- Fomentar entre a comunidade universitaria a práctica de actividade física e o deporte, buscando unha mellora na calidade de vida.
- A organización directa ou indirecta de actividades, xornadas e congresos.

En tódalas actuacións que leve a cabo a Fundación no desenvolvemento do Plan de Actuación intégrase o principio de igualdade de xeito transversal.

3. OBXECTIVOS

O presente orzamento e plan de actuación deben enmarcarse no programa plurianual da Universidade de Santiago de Compostela contribuíndo a conseguir os obxectivos da institución.

Obxectivo estratéxico: *«colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade, así como das súas entidades vinculadas ou dependentes».*

Obxectivo operativo: *«desenvolver desde a Fundación USC, como medio propio, un entorno de prestación de servizos na que se logre alcanzar unha execución máis eficiente e eficaz, acadando chegar a toda a comunidade universitaria de forma directa e áxil.*

No exercicio 2025, seis son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

- 1) No eido da proxección institucional e a imaxe de marca, o plan de actuación e o orzamento dan resposta ás seguintes necesidades:

A proxección do **Museo Universitario A Domus do Mitreo**, no campus universitario e na cidade de Lugo, como un centro museístico de relevancia histórica cun xacemento e restos achados dos máis importantes do país.

Redefinición e ampliación do **Programa de Visitas Guiadas ao patrimonio cultural, histórico e natural da USC**, adaptado ás inquiredanzas dos visitantes da Universidade de Santiago de Compostela que chegan por diferentes medios (participación no entorno universitario, turistas, etc.). O desenvolvemento dun programa innovador e adaptado á realidade actual da universidade.

Fomento e visibilización da **Casa de Europa**, espazo que serve como aloxamento a invitados ou participantes en actividades universitarias pero, que a súa vez, tamén conta con relevancia patrimonial, así como potenciar as actividades realizadas neste espazo.

A consolidación das **Tendas da USC** como espazos dinámicos, non só para a venda de novas liñas de produtos centrados na imaxe da marca USC con elementos patrimoniais, científicos, etc., senón tamén coma espazo de actividade dinamizadora do coñecemento universitario.

Potenciar a actividade da denominada **Oficina de Congresos**, difundindo os servizos que pode desenvolver, tanto na xestión dos espazos da USC coma na xestión directa ou indirecta de actividades formativas, xornadas, congresos e/ou organización de eventos.

- 2) Polo que respecta á **actividade física e deportiva** dirixida fundamentalmente á comunidade universitaria, o eixo fundamental é fomentar a práctica de actividade física buscando a mellora da saúde das persoas e a súa calidade de vida. O deporte e a actividade física son unhas ferramentas indispensables na mellora da condición física en toda a poboación co obxectivo de reducir o risco de enfermidades e tamén na mellora das condicións para afrontar os obxectivos de cada persoa na súa vida persoal, profesional ou neste caso universitaria. Este ámbito desenvolverase colaborando directamente coa Área de Deportes da USC.
- 3) Polo que respecta á **actividade instrumental e complementaria do servizo de limpeza dos edificios e locais da universidade**, o establecemento dun plan de servizos con actuacións específicas e programadas, que aumenta a calidade do estado dos diferentes edificios e inmobles dos campus universitarios. Procurarase dar solución a todos os problemas e necesidades que vaian xurdindo nos diferentes espazos mediante a experiencia acumulada na prestación deste servizo, na mellora da coordinación entre ambas institucións ou na adaptabilidade da Fundación USC aos constantes cambios na estrutura organizativa da USC e aos seus diferentes plans estratéxicos.
- 4) No que se refire á **actividade instrumental e complementaria do servizo de reprografía, edición e impresión dixital**, procúrase dar solucións as distintas necesidades tanto de impresión, deseño, prestación de servizos e edición dixital que a comunidade universitaria precisa.

- 5) No que respecto aos **servizos informáticos externos**, o plan de actuación contempla dar resposta as seguintes necesidades:

Prestar servizos de mantemento, soporte, desenvolvemento e mellora da aplicación Xescampus.

Soporte e desenvolvemento de novas utilidades e aplicación para as actividades instrumentais e xerais que poida precisar a USC fóra das funcións directas dos seus propios servizos informáticos.

Realizar tarefas auxiliares na explotación de datos.

- 6) No que atinxe á programación de verán coa realización dunha **actividade de conciliación laboral e familiar** con carácter lúdico e deportivo, denominada Verán CampUSC e que conta con dezaseis edicións, procúrase dar solución ás familias, principalmente da comunidade universitaria para a conciliación nos meses de verán e na época na que non funcionan os centros escolares.

Para desenvolver o Plan de actuación descrito, atendendo ás prioridades citadas, a Fundación USC organízase do seguinte xeito:

a) Órgano de goberno: Padroado.

Está integrado por un Presidente, un Vicepresidente, un Vogal e unha Secretaria, debendo esta última levantar a correspondente acta.

Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación USC mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os estatutos, a título enunciativo, serán facultades do padroado:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os presentes estatutos, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.
- Acordar a apertura e peche dos seus centros e delegacións.

- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.

Particularmente, correspóndelle ao Presidente da Fundación as seguintes atribucións:

- Exercer a representación perante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
- Convocar as reunións de padroado, presidíndoas e dirixindo os debates, e de ser o caso, executar os acordos.

Corresponderalle ao Vicepresidente realizar as funcións do Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da Fundación, por imposibilidade de actuación do Presidente e naqueles supostos que así o determinen por acordo do padroado.

b) Comité executivo.

Con data 18 de marzo de 2022 en sesión de padroado acordouse a creación dun Comité Executivo. As facultades do mesmo serán as seguintes:

- Actuar como órgano de contratación.
- Sinatura de contratos.
- Aprobar as bases e convocatorias de contratación de persoal.
- Elaborar o plan de actuación e contas anuais.
- Asinar convenios.

c) Órgano de xestión: xerente.

O xerente realizará a xestión das actividades fundacionais e executará os acordos dos órganos da Fundación. Proporcionará asesoramento e apoio ao padroado no seu labor, asumindo a coordinación de actividades internas e externas, así como de cantas funcións se lle asignaren.

A título enunciativo, corresponderán ao xerente as seguintes atribucións:


- Realizar toda clase de actos de mera xestión da Fundación USC.

- Nomear e separar a todos os traballadores da Fundación USC, fixar as súas atribucións e retribucións, no marco do convenio colectivo de aplicación e previo acordo do padroado.
- Efectuar convocatorias para as contratacións temporais e para a elaboración das listas de agarda.
- Comparecer nos actos de conciliación ante o Servizo Galego de Mediación, Arbitraje e Conciliación.
- Representar á Fundación USC ante a Administración de Facenda, Inspeccións de traballo ou Xulgados, neste último caso sempre e cando non fixera falla procurador para acompañar ao avogado.
- Adquirir, dispoñer, gravar e vender toda clase de bens inmobles.
- Concertar, formalizar e executar cantas actuacións, xestións e trámites sexan necesarios conforme á lexislación vixente en materia de contratación privada e administrativa, podendo intervir no procedemento desde o seu inicio ata o remate de toda clase de contratos, convenio e negocios en xeral, sempre que sexan os propios das actividades fundacionais.
- Celebrar toda clase de operación bancaria ata o límite de 90.000 euros, e excepcionalmente sen límite para o pagamento de recibos salariais mensuais, e en consecuencia, constituír e retirar depósitos e consignacións, abrir, seguir, pechar e liquidar contas correntes e de crédito coas entidades bancarias e outros establecementos con ou sen garantía, baixo toda clase de condicións.
- Absolver posición e confesar en xuízo e en todo tipo de interrogatorios previstos na Lei.
- Exercer as accións xudiciais e administrativas e a defensa da entidade nas materias da súa competencia, e, en caso de urxencia, nas materias competencia do Padroado, neste suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

d) Equipo de xestión

A nivel operativo, para o desenvolvemento do plan de actuación por parte do persoal da Fundación USC establécense tres niveis e cinco áreas de traballo, atendendo sobre todo a actividade anual que se corresponde fundamentalmente cos encargos de xestión que executa a entidade.

Na imaxe que se achega represéntanse os niveis descritos e as grandes áreas de traballo.



1. *Área de Proxección Institucional e Imaxe.*

Responsabilizarse da coordinación dos encargos de xestión relacionados coa xestión do Programa de Visitas Guiadas, do Museo A Domus do Mitreo, das Tendras das USC, da Oficina de Congresos (relativo á xestión de eventos, organización de congresos, xestión de espazos, etc.) e da Casa de Europa. Dentro desta área tamén se integrará o Servizo de Reprografía, Edición e Impresión Dixital.

2. *Área de Servizos Informáticos.*

Responsabilizarse da coordinación do encargo de xestión relativo a toda a prestación do servizo informático externo a diferentes áreas da Universidade de Santiago de Compostela.

3. *Área de Actividade Física e Deporte.*

Responsabilizarse da coordinación do encargo de xestión para a prestación de toda a actividade física e deportiva que se oferta na Universidade de Santiago de Compostela así como na colaboración no marco do encargo en eventos, torneos, etc.

Así mesmo, coordinará tamén aquelas outras actividades que se inclúen no plan de actuación, como é o programa Verán CampUSC.

4. Servizo de Limpeza de edificios e locais.

Responsabilizarse da coordinación do encargo de xestión relacionado con todo o servizo de limpeza nos edificios e centros que conforman os campus universitarios.

5. Área de Administración e Dirección.

A entidade conta para a realización de todos os procesos de xestión cun equipo de traballo composto por tres persoas responsables da xerencia, xerencia adxunta e unha dirección de área e por outra banda, con dúas persoas responsables da parcela administrativa e contable.

4. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2025

ACTIVIDADE 001: *SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USC.*

A. Identificación.

Denominación da actividade	Servizo de limpeza de edificios e locais
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z01: OUTROS E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	1. Campus de Santiago de Compostela. 2. Campus de Lugo.

Descrición detallada da actividade prevista

Con data 19 de agosto de 2024 formalizouse encargo de xestión para continuar coa execución do servizo de limpeza de edificios e locais da USC. Este servizo comprende a limpeza de todos os locais e espazos que conforman os inmobles incluídos en dito encargo e que pertencen á Universidade de Santiago de Compostela (aulas, oficinas, despachos, salas de reunión, seminarios, arquivos, bibliotecas, almacéns, laboratorios, salóns de actos, aseos, vestiarios, beirarrúas perimetrais, zonas de acceso, escaleiras, salva escaleiras, ramplas, zonas cubertas exteriores, cuberas transitables, patios interiores baixos ou elevados, aparcamentos interiores, etc.).

O alcance do encargo establece a dimensión do servizo a prestar identificando as diferentes tipoloxías e necesidades de limpeza segundo as características dos edificios e locais:

- Uso docente non científico. Facultades.
- Uso docente científico/tecnolóxico. Facultades de Ciencias e ETS.
- Centros asimilables a clínicos.
- Uso residencial.
- Bibliotecas centrais independentes.
- Edificios administrativos de representación.
- Edificios administrativos xerais.
- Instalacións deportivas

- Outras.

B. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas/ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	190,74	302.500
Persoal con contrato de servizos	0,20	300
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	-

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Finalizar a reorganización das frecuencias de limpeza en base ao plan de servizos	Porcentaxe de execución	100%
Manter ou incrementar a valoración dos diferentes centros no indicador « <i>grao de satisfacción xeral</i> » na enquisa anual.	Puntuación media obtida na enquisa.	> 3,8
Finalizar a implantación dun modelo de supervisión e control para cada centro mediante unha aplicación de xestión de control.	Número de supervisións anuais realizadas por centro	> 6
Reducir o número de incidencias/queixas relativas ao servizo.	Número anual de incidencias	< 15

ACTIVIDADE 002: PROMOCIÓN, INCENTIVO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NA USC.

A. Identificación.

Denominación da actividade	Dinamización das actividades físico-deportivas e deporte federado na USC
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: DEPORTIVO E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ol style="list-style-type: none"> 1. Campus de Santiago de Compostela. 2. Campus de Lugo.

Descrición detallada da actividade prevista

A actividade de carácter complementario ou instrumental que a USC promove entre o seo da comunidade universitaria para fomentar hábitos de vida saudable, práctica de exercicio e actividade física, actividades con compoñente competitivo e actos ou eventos de carácter deportivo.

A actividade físico deportiva que a USC programa en cada curso académico é a seguinte:

Curso 2024/2025 (actualmente en vigor)

a. Campus de Santiago de Compostela

- Actividades acuáticas:** aquagym, natación para maiores, natación para nenos e nenas, natación para persoas adultas, natación terapéutica, natación pre/posparto, natación deportiva, natación deportiva nivel experto, natación avanzada para persoas adultas e natación deportiva nivel FEGAN.
- Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** step, GAP + tono, zumba, ximnasia de mantemento e HIIT.

- Aprendizaxe deportiva:** atletismo, autodefensa, tenis (nenos e nenas, adultos e minitenis), karate, taekwondo, kung fu, futsal feminino, voleibol, balonmán e xadrez.
- Benestar e lecer:** ioga, meditación (mindfulness), Pilates, tai chi + chi kung, ximnasia terapéutica e hipopresivos.
- Sendeirismo e actividades na natureza:** rutas de sendeirismo e montañismo de 10 a 25 km.
- Deporte federado e de competición:** atletismo, tenis, montañismo e xadrez.
- Outros:** acondicionamento físico en sala.

b. Campus de Lugo

- Aprendizaxe deportiva:** voleibol.
- Benestar e lecer:** Pilates
- Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** GAP, ximnasia de mantemento, zumba e Tabata.

Curso 2025/2026 (en previsión de programación)

A descrición de actividades para o último trimestre do exercicio non se coñecerá ata o mes de xuño, aínda que a previsión é que sexa similar aos primeiros seis meses do exercicio 2025.

En total son máis de 40 actividades diferentes (por curso académico) que os técnicos/as deportivos/as da Fundación USC imparten e dinamizan. Estas actividades están abertas á incorporación doutras ben sexa pola demanda da Área Deportiva da USC ou ben pola demanda das propias persoas usuarias.

Cabe destacar a intensa colaboración entre as institucións nos seguintes aspectos:

- Planificación, organización, dinamización e xestión das seccións deportivas do Club ou Sección deportiva da USC.
- Participación en torneos propios ou nos campionatos universitarios que se celebran ao longo de cada curso escolar.

As seccións deportivas son as seguintes: atletismo, tenis, montañismo e xadrez.

B. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas/ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	14,20	23.853,05
Persoal con contrato de servizos	1,26	2.116,50
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	8.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	-

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Establecer un plan de formación para o persoal técnico deportivo.	Número de accións realizadas	3
Desenvolver un informe de seguimento do número de participantes nas actividades.	Realización do informe	100%
Realizar unha enquisa de satisfacción sobre a calidade na prestación do servizo por parte dos técnicos deportivos.	Realización da enquisa	100%
Establecer un plan de seguimento do control da calidade na impartición das sesións de actividade física.	Redacción e implantación do plan	100%

ACTIVIDADE 003: SERVIZO DE REPROGRAFÍA, EDICIÓN E IMPRESIÓN DIXITAL

A. Identificación.

Denominación da actividade	Servizo de reprografía, edición e impresión dixital
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z99: OUTROS GRUPOS
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ol style="list-style-type: none"> 1. Campus de Santiago de Compostela. 2. Campus de Lugo.

Descrición detallada da actividade prevista

No artigo 7 dos Estatutos da Fundación USC, para a consecución dos seus fins a entidade poderá levar a cabo a xestión do servizo de reprografía, edición, impresión dixital, material audiovisual e multimedia relacionado coa comunidade universitaria.

O plan de servizo está enfocado á consecución da máxima eficiencia posible mantendo a calidade na prestación do servizo á comunidade universitaria.

O alcance do mesmo descríbese a continuación:

- Coordinar e supervisar un servizo de comunicación gráfica integral para dar resposta ás necesidades da comunidade universitaria (impresión láser, impresión en gran formato, dixitalización documental, deseño, etc.).
- Impresión de documentación dende un aloxamento na nube.
- Recepción de traballos enviados desde diferentes puntos para a súa recepción nalgunha das unidades de soportes dixitais do campus.
- Un servizo comprometido co medio ambiente, respectando, en todo o que sexa aplicable, ao disposto pola Lei 7/2021, de 20 de maio de cambio climático e transición enerxética.
- Dotación de cada unha das unidades de soportes dixitais cos medios técnicos necesarios para un correcto servizo.

- Servizo de mensaxería rápida para a entrega de documentación nos centros e facultades.
- Solucións de impresión de autoservizo.

B. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas/ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	10,68	18.771,80
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	70
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	-

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Incrementar a prestación de servizos á comunidade universitaria en relación ao exercicio 2024.	Porcentaxe de incremento	10%
Establecer un plan de difusión e comunicación dos servizos ofertados á comunidade universitaria.	Redacción do plan e comunicación do mesmo	100%
Incrementar o volume de traballos de dixitalización de documentación universitaria.	Porcentaxe de incremento	20%
Mellorar a eficacia e eficiencia na xestión.	Posta en marcha dun novo procedemento de xestión con procesos automáticos	100%

ACTIVIDADE 004: *SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS*

A. Identificación.

Denominación da actividade	Actividade instrumental de servizos informáticos externos da USC
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z99: OUTROS GRUPOS
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ol style="list-style-type: none"> 1. Campus de Santiago de Compostela. 2. Campus de Lugo.

Descrición detallada da actividade prevista

No artigo 7 dos Estatutos da Fundación USC, para a consecución dos seus fins a entidade poderá levar a cabo a xestión da actividade instrumental de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela.

A Fundación USC, dentro da súa liberdade organizativa, coordinará e supervisará que a prestación dos servizos que integran a actividade instrumental de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela se enfoque á consecución da máxima eficiencia e calidade posible, dando resposta ao contido obxecto do encargo que será:

- Mantemento, soporte, desenvolvemento, mellora e adaptación da aplicación Xescampus.
- Soporte e desenvolvemento de novas utilidades e aplicación para actividades instrumentais e xerais non comprendidas nas tarefas da área de tecnoloxía da información e comunicacións da USC.
- Tarefas auxiliares de apoio á explotación de datos e xeración de ficheiros automatizados e outras de similar natureza.

B. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas/ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	6,20	10.739,58
Persoal con contrato de servizos	0,17	300
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	-

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Diminuír o tempo de resposta nas incidencias ordinarias	Tempo estimado de resposta	<24 horas
Intervir no desenvolvemento de ferramentas en áreas da USC	Número de áreas de intervención	5
Cumprir os prazos de entrega dos diferentes entregables por proxecto	Número de incumprimentos	<10%

ACTIVIDADE 005: *SERVIZO DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE DA MARCA USC*

A. Identificación.

Denominación da actividade	Proxección Institucional e Imaxe
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z01: OUTROS E POBOACIÓN EN XERAL E01: CULTURAIS E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	1. Campus de Santiago de Compostela. 2. Campus de Lugo.

Descrición detallada da actividade prevista

No artigo 7 dos Estatutos da Fundación USC, para a consecución dos seus fins a entidade realizará actividades de promoción, explotación, comercialización e posicionamento da imaxe da marca «USC».

O encargo de xestión detalla o seguinte plan de servizos:

- Xestión da Casa de Europa, edificio destinado ao aloxamento e outros servizos complementarios (espazos de formación, xuntanzas e outros eventos) relacionados directamente coa actividade da USC.
- Oficina de Congresos: secretaría técnica na organización de eventos e congresos; asesoramento; xestión de espazos da USC en colaboración coas unidades internas implicadas.
- Xestión da Tenda da USC. Tenda centrada na comercialización de produtos promocionais da universidade.
- Visitas guiadas. Desenvolvemento do programa de visitas guiadas “Universidade Viva”, co obxecto de poñer en valor o patrimonio histórico da USC.
- Xestión do “ Museo Domus do Mitreo”: atención ao público visitante; planificación e realización de visitas guiadas ao xacemento e exposición permanente do museo, monitorización e impartición das actividades didácticas, outras actividades de dinamización programadas.

B. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas/ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	10,62	18.840,44
Persoal con contrato de servizos	0,28	479,05
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	31.200
Persoas xurídicas	50
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	-

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Incrementar o número de visitantes no Museo Universitario Domus do Mitreo	Número de visitantes	>17.500
Desenvolver actividades de dinamización no Museo Domus do Mitreo	Número de actividades	3
Incrementar a ocupación anual e a actividade nos espazos da Casa de Europa	Porcentaxe de incremento	20%
Aumentar a participación da Oficina de Congresos en eventos organizados pola comunidade universitaria	Porcentaxe de incremento	30%
Desenvolver actividades de dinamización cultural na Tenda da USC	Número de actividades	6
Desenvolver unha tenda en liña no primeiro trimestre do exercicio	Data de inicio o 31 de marzo de 2025	100%
Identificar e reproducir novas liñas de produtos relativos a elementos de interese patrimonial	Número de produtos novos	8
Redactar e desenvolver un programa de visitas guiadas	Porcentaxe de execución	100%
Redactar e desenvolver un plan de difusión e comunicación conxuntamente coas páxinas web de cada área.	Porcentaxe de execución	100%

ACTIVIDADE 006: PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR

A. Identificación.

Denominación da actividade	Programa Verán CampUSC 2025
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G03: DEPORTIVO E INFANCIA
Lugar de desenvolvemento da actividade	1. Campus de Santiago de Compostela.

Descrición detallada da actividade prevista

A entidade ten como fins propios, entre outros, a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria (artigo 6 dos estatutos).

O programa Verán CampUSC, que se desenvolverá na súa edición número dezasete, fixa como obxectivos principais, entre outros, facilitar a conciliación familiar e laboral das persoas pertencentes á comunidade universitaria na época estival, época na que os nenos e nenas non acoden ao colexio. Este programa, tamén está dirixido, para completar a oferta de actividades de conciliación ao resto da poboación do concello de Santiago de Compostela e a súa contorna.

No programa amósanselles aos participantes as bases dunha importante cantidade de xogos, actividades, deportes, etc. atendendo as súas idades e desenvolvemento psíquico-físico. A práctica de actividades físico-deportiva non son positivas só a nivel de saúde senón tamén para inculcar dun xeito lúdico os valores de disciplina, esforzo, dedicación e respecto ás normas.

Así mesmo, debemos destacar o carácter inclusivo e de igualdade que se fomenta na programación da actividade.

B. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas/ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	0,99	1.665,49
Persoal con contrato de servizos	0,85	1.428,00
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	500
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Completar a inscrición co total de prazas dispoñibles.	Número de inscrición totais	500
Promover nos participantes un estilo de vida saudable.	Número de tarefas transversais que promovan estes hábitos	5
Atender de forma programada as necesidades individuais de participantes con discapacidade	Número de técnicos especialistas por quenda	1
Manter a calidade percibida polas familias participantes	Valoración final na enquisa de avaliación	>ou igual a 8,50

5. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	ACTIVIDADE 001	ACTIVIDADE 002	ACTIVIDADE 003	ACTIVIDADE 004	ACTIVIDADE 005	ACTIVIDADE 006	TOTAL ACTIVIDADES	NON IMPUTADOS AS ACTIVIDADES	TOTAL
Gastos por axudas e outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
a) Axudas monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Aprovisionamentos	206.035,78	43.573,91	38.878,30	266.171,79	65,24	115.437,30	670.162,32	0,00	670.162,32
Gastos de persoal	6.900.145,46	401.211,81	20.814,40	347.556,20	281.612,94	336.111,90	8.287.452,71	0,00	8.287.452,71
Outros gastos de explotación	89.454,20	6.010,62	6.325,49	28.453,70	6.203,25	22.338,22	158.785,48	0,00	158.785,48
Amortización do inmovilizado	23.576,40	613,57	86,22	1.355,42	948,25	5.085,58	31.665,44	0,00	31.665,44
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos financeiros	821,67	51,16	7,19	66,58	35,32	60,02	1.041,94	0,00	1.041,94
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Imposto sobre beneficios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal de gastos	7.220.033,50	451.461,07	66.111,59	643.603,69	288.865,01	479.033,02	9.149.107,87	0,00	9.149.107,87
Adquisicións de inmovilizado (agás bens patrimonio histórico)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Adquisicións bens patrimonio histórico	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cancelación débeda non comercial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal de investimentos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	7.220.033,50	451.461,07	66.111,59	643.603,69	288.865,01	479.033,02	9.149.107,87	0,00	9.149.107,87

6. PREVISIÓN DE INGRESOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

6.1. Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	8.793.419,24
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	337.636,87
Subvencións do sector público	15.150,00
Achegas privadas	0,00
Outros tipos de ingresos	2.901,76
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	9.149.107,87

6.2. Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	0,00
Outras obrigas financeiras asumidas	0,00
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	0,00

Aprobado en Padroado 26/12/2024

A secretaria.

Vº e prace. O Presidente